

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL , A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A SECRETARIA XERAL DE PRESIDENCIA E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO MUSEO DA ENOLOXÍA DO CONDADO DE TEA (CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO VIÑO).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia, xunto coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e a Secretaría Xeral da Presidencia formalizou co concello de Salvaterra de Miño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Axencia Turismo de Galicia, a Secretaría Xeral da Presidencia e o concello de Salvaterra de Miño para a realización do Museo da Enoloxía do Condado de Tea (Centro de Interpretación do Viño).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do



turismo dentro da comunidade, e ten, entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, redactado polo número 8 do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que inclúe no apartado h) do parágrafo 2 como competencia propia dos municipios a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- O Museo da Enoloxía do Condado do Tea (Centro de Interpretación do Viño) estará localizado nunha edificación de propiedade municipal situada no casco urbano, no concello de Salvaterra de Miño, capital do viño do Condado do Tea, que comprende os concellos de Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, Cañiza, Ponteareas e Salceda de Caselas.

A importancia deste museo para a zona é relevante, posto que dará a coñecer e porá en valor os viños e a súa elaboración, constituíndo un recurso turístico relacionado co viño como elemento característico da zona.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Salvaterra de Miño unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por



Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

